



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 10 DE XANEIRO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a dez de xaneiro de dous mil oito, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION ACTA ANTERIOR.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros se teñen alegacións que facer á acta correspondente ó día 20 de decembro de 2007, producíndose as seguintes intervencións:

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na páx.16 dí: "SR.FERNANDEZ. PSOE.-", non é PSOE, de momento non; é "BNG". Na páx. 19, onde di "SR.FERNANDEZ, BNG", no penúltimo parágrafo pon: "ó final vai a ir ós bolsillos de tódolos baioneses e baronesas", non é "baronesas", é "baionesas".

SRA.INTERVENTORA.- En la transcripción no se oye muy bien pero en la página 22, creo que estaba hablando Rafael Estévez sobre las empresas del Puerto deportivo, figuran palabras en negrita por no saber si pusimos bien los nombres. Quedan así, están bien.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Feitas estas observacións fica aprobada por unanimidade a acta do día 20 de decembro do 2007.

2.-MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS: IMPOSTO DE BENS INMOBLES, IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA, IMPOSTO DE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA.

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra. Interventora, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Se propone al Pleno la modificación de las Ordenanzas Fiscales reguladoras del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, Impuesto sobre Vehículos de tracción Mecánica e Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.

El motivo que lleva a la modificación de las Ordenanzas de los tres impuestos señalados es únicamente el de introducir bonificaciones potestativas en la cuota de los mencionados impuestos, dentro de los márgenes previstos en el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Así en el caso del **Impuesto sobre Bienes Inmuebles** se atiende a una demanda social y que pretende además de, colaborar en alguna medida en los gastos de las familias numerosas, fomentar el empadronamiento en Baiona, dado que sólo podrán beneficiarse de esta medida los titulares de familias numerosas de carácter general o especial, respecto a su residencia habitual, y siempre que estén empadronados en Baiona, graduándose esta bonificación **del 30 % al 80 % como máximo de la cuota del impuesto.**

Respecto a la bonificación introducida en el **Impuesto sobre Vehículos de tracción Mecánica**, se prevé una bonificación del máximo legal: **75 %** durante un plazo de 5 años, para aquellos vehículos que menos contaminen, es decir se trata de una media de carácter medioambiental y con el fin de colaborar en la lucha contra el cambio climático.

Por último, respecto al **Impuesto sobre el Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana**, se incrementa una bonificación ya prevista en las Ordenanzas, para la transmisión por herencia de la vivienda habitual, y que actualmente esta fijada en el 30 %, se eleva al máximo legal: el 95 %.

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

“Aprobar la Modificación de las Ordenanzas Fiscales Reguladoras del:

- Impuesto sobre Bienes Inmuebles**
- Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**
- Impuesto sobre el Incremento del Valor de Los Terrenos de Naturaleza Urbana**

con efectos 01/01/2.009, para las dos primeras y al día siguiente de la publicación del texto integro de la modificación en el BOP para la última”



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- Comentar que los aspectos sustantivos en cuanto a estas modificaciones, la Ley de Haciendas Locais lo deja a la libertad de los Concellos, con lo cual en cuanto al plazo de 4 años, ó 5, para el impuesto de vehículos, es libertad de cada Ayuntamiento el fijarlo, no hay unos límites.

SR.RODAL, PP.- Como moi ben cita a Proposta preténdese crear e mellorar diferentes bonificacións fiscais, a primeira, a do IBI, para colaborar nos gastos das familias numerosas sendo entre o 30 e o 60% nas de carácter xeral e entre o 40 e o 80% nas familias numerosas de carácter especial; e sempre dependendo do valor catastral da súa vivenda habitual.

A segunda bonificación ten que ver co Imposto sobre vehículos de tracción mecánica; sendo esta do 65% e dentro dos 5 primeiros anos do novo vehículo. Esta desgravación fiscal é para beneficiar a todas aquelas persoas que colaboren na mellora do medio ambiente mercando vehículos menos contaminantes, ou sexa, vehículos máis ecolóxicos.

Como terceira bonificación, a que beneficiará ó Imposto de Plus Valía, onde incrementárase a bonificación xa existente do 30% actual ata o máximo legal permitido dun 95% na transmisión por herencia da vivenda habitual.

Con todas estas medidas, dende o equipo de goberno preténdese disminuir a presión fiscal soportada tanto polos cidadás con maiores cargas económicas así como por aqueles que colaboren no desenrolo dunha mellor calidade medioambiental das nosas rúas, ademais de favorecer e potenciar con ditas medidas o empadronamento na nosa Vila. Moitas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Bós días a todos e todas; moitas gracias. En principio este tipo de medidas parécenos ben que se adapten ás cargas fiscais dos novos tempos, non temos nada en contra; o único que si queremos valorar é a publicidade e a campaña que se está facendo destas medidas, que teñen o alcance que teñen e nada máis, entendemos que a campaña electoral para as proximas eleccións comenará dentro de dous meses e non entendemos que o PP, pedimos ó PP, ós señores e señoras do PP, que teñen un pouco de contención á hora de valorar este tipo de iniciativas, e que non nos vendan máis fume porque isto é o que é e ten o alcance que ten, a propia Interventora o valora e di o alcance que estas medidas teñen. Entendemos que faltan outro tipo de iniciativas do equipo de goberno, máis políticas e máis concretas para Baiona que non se están a tomar, fálase de rebaixar o IBI para favorecer o empadronamento de familias numerosas, e nós creemos que tamén habería que facer algún tipo de política para permitir e para favorecer que os fillos de Baiona non teñan que marcharse e teñan que ir a vivir a outros Concellos; por ahí vai o tema das vivendas de protección oficial que está un pouco esquecido por parte de este equipo de goberno. Por iso parécenos que non hai que vender máis alá do que se está facendo e si que hai que preocuparse de adoptar medidas que favorezcan ós baioneses e baionesas en todos estes aspectos.

En canto ó tema dos vehículos parécenos tamén ben que se procure renovar o parque e que se desgrave dalgunha forma toda aquela adquisición de vehículos máis ecolóxicos, pero notamos en falta tamén aquí algún tipo de políticas que favorezcan o transporte público para evitar a contaminación do uso do transporte privado e tamén unha aposta máis concreta do Concello polo uso de carburantes pouco contaminantes, polo tanto entendemos dende o grupo socialista que o propio Concello ten que adaptar o seu parque ós combustibles de biodiesel. Vamos a apoiar esta redución pero pensamos que o equipo de goberno ten que facer algo máis que isto e facer unhas políticas máis concretas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Pola parte do BNG tamén nos parece correcto este tipo de propostas pero nós vemos aquí un defecto nalgunha delas que creemos a deixa un pouco coxa; queríamos presentar unha enmenda a estas propostas e é que se incluíra, aparte de que a familia sexa numerosa en máis ou menos grado, que se contara tamén, á hora de facer estas bonificacións, as rentas de cada familia numerosa; eu non quero imaxinarme por exemplo unha familia de 5,6 ou 7 membros, como por exemplo a familia do señor Ruiz Máteos ¿qué beneficio lle vamos a facer nós a unha familia tan pudiente como é esta?, facerlle unha bonificación aínda que sexa do 80% non o precisa; polo tanto se debe ter en conta as rentas de cada familia, incluso diría máis, haberá familias con 1 ou 2 membros ás que lles coste moitísimo pagar o IBI da casa onde viven se teñen a sorte de vivir en pleno casco de Baiona ou de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sabarís, o digo porque se paga un IBI bastante importante e hai familias que non teñen capacidade económica; e polo que nós estivemos lendo aquí , sí se solicita a declaración da renda de cada ano, pero para comprobar que o inmovible do que se está falando é o que entra nesa renda, pero non especifica claramente que se vai a baremar os ingresos desa familia. Para nós este punto é correcto excepto con esa cuestión que creemos que se debía recoller xa que é importante. Polo demais nos parece ben.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos dacordo con esta proposta do goberno municipal, o que quer dicir que pon a Baiona en cabeza dentro de Galicia no que conleva beneficios para as familias, non só en isto senón que incluso nas vivendas de protección oficial fomos dos poucos Concellos de Galicia que firmamos convenios coa Consellería para conseguir vivendas de protección, e de feito no Val Miñor fomos os únicos, polo tanto nese senso Baiona é un exemplo e un modelo a imitar por tódolos Concellos, e por iso creemos que a política que se está facendo dende o goberno municipal para a protección da familia é total; incluso ofrecendo solo á Xunta de Galicia, como ofrecendo agora estas rebaixas, e que nun futuro mellorarán co Centro de Día, galegoescola, etc., todas estas actuacións son moi positivas e nos colocan á vangarda como exemplo a imitar. No noso ámbito territorial estamos a anos luz do resto dos Concellos. Dende o goberno vamos a seguir con esta política de beneficiar ás familias, de beneficiar ós máis necesitados, de facer vivendas de protección oficial, creo que esta é unha liña exemplar.

SR.RODAL, PP.- Decir que estas son unhas primeiras bonificacións que se levan a cabo pero obviamente se espera levar máis adiante, tanto para que as persoas teñan un mellor reciclaxe ou, como tamén se está considerando noutros Concellos, persoas que teñan un mellor aproveitamento da auga.

SR.FERNANDEZ, BNG.- unha cuestión, non sei si aceptan a miña enmenda ou non. Quixera preguntarlle á Secretaria, ou á Interventora, de que maneira vai a repercutir o anuncio que podemos leer hoxe na prensa do Sr.Touriño de que se vai a cambiar a lei no tema de transmisións, porque aquí estamos vindo no último punto: imposto de incremento de valor dos terreos de natureza urbana, ou sexa, as transmisións por herencia que se van a modificar ¿cómo vai a repercutir neste punto. Vai a repercutir ou non?.

SR.ALCALDE.- A enmenda sua non a podemos ter en conta porque cando se plantexa algo de tan fondo calado non se pode, evidentemente, nun Pleno, debatir algo sen datos porque ten transcendencia a nivel económico; temos unha Comisión Informativa na que se pudo falar e estudialo dende esa Comisión ata hoxe, e non hai problema en estudiála e véla posteriormente.

Do que se anuncia hoxe no periódico (e decía o Sr.Lores que o PP está xa en campaña electoral), o que anunciou o Presidente da Xunta, Sr.Touriño, nun hotel en Santiago, non ten rango de Lei; hai que ver exactamente en que consiste e se houbera algunha interferencia co tema municipal pois afectaría, pero é que realmente non sabemos moi ben de que vai; non podemos contestar. O que presentamos hoxe está dacordo coa normativa actual e eu penso que vai máis ben en relación co que son impostos da Xunta pero de todas formas mentres non sexa consistente e non este aprobado polo Parlamento Galego e demais, non vamos a poder valorálo nin tecnicamente nin por suposto politicamente.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non sei si é prudente deixar encima da Mesa a Proposta para estudiala, pero non tivemos oportunidade de facelo antes Sr.Alcalde, non é que viñeramos aquí con esta sorpresa senón que unha vez estudiado o documento e si esta Proposta a houberamos tido o día da Comisión Informativa, evidentemente viría máis feita, porque creemos que é unha proposta interesante. En todo caso nos parece ben que se estudie e si hai que reformar este punto pois que se faga, pero que se adquira o compromiso de que se estudie como se adquiriu outro compromiso de traer a Ordenanza en galego, que me dixo a Interventora que foi por motivo de espazo de tempo que non se pudo facer pero si hai o compromiso de redactarse en galego.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Polo Sr. Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:

-Aprobar la Modificación de las Ordenanzas Fiscales Regulatoras del:

- Impuesto sobre Bienes Inmuebles
- Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- Impuesto sobre el Incremento del Valor de Los Terrenos de Naturaleza Urbana

con efectos 01/01/2.009, para las dos primeras y al día siguiente de la publicación del texto integro de la modificación en el BOP para la última.

3.- MODIFICACION DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACION.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen da lectura á seguinte Proposta da Alcaldía que xa foi informada favorablemente pola Comisión Informativa:

PROPOSTA DA ALCALDIA

O Pleno do Concello de Baiona en sesión de 15 de xuño aprobou a Ordenanza Municipal de circulación publicándose no BOP en data 10 de novembro de 2004.

Como consecuencia da instalación dun sistema de acceso restrinxido ó casco histórico por parte do Concello é preciso a regulación das condicións de acceso e psoibles beneficiarios así como un réxime de infraccións e sancións a través da incorporación dun novo capítulo na Ordenanza Municipal de Circulación, procedendo a súa modificación.

Considerando que a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe ós municipios a potestad regulamentaria e sancionadora sendo competente para aprobación dos regulamentos e ordenanzas o Pleno da corporación, propono ós membros da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar a ordenanza municipal de circulación, introduciendo un novo capítulo”

Capítulo V: Del control de Acceso a areas de circulación restringida en el Ayuntamiento de Baiona

Sección I. Del control de acceso al conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Baiona

ART. 40. OBJETO. El control del acceso al conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Baiona en la que las especiales exigencias de calidad ambiental, garantía de prestación de los servicios públicos, seguridad ciudadana y protección del patrimonio requieren. La velocidad máxima para la circulación por toda este área restringida será de 10 Km./h, prohibiéndose igualmente el estacionamiento en todo la zona.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ART. 41. AMBITO DE APLICACIÓN. *Este capítulo será de aplicación en la zona comprendida por las siguientes calles del Casco Histórico de Baiona: Plaza del Padre Fernando, Calle Ventura Misa, Calle Fuente de Ceta, Calle Conde, Calle La Guardia, Calle Lorenzo de la Carrera, Calle San Lorenzo, Calle San Juan, Calle Laje, Calle Iglesia, Calle Manuel Valverde, Calle Do Reloxo, Calle Xogo da Bola, Calle San Juan y Calle Diego Carmona. La zona contara con la oportuna señalización y elementos móviles que impidan la entrada y la circulación de vehículos en la zona afectada. Esta relación así como el horario establecido podrán ser modificados mediante Decreto de la Alcaldía, previo el correspondiente informe de los Servicios Técnicos, dando cuenta del mismo para su conocimiento al Excmo. Ayuntamiento Pleno, sin necesidad de sujetarse a los trámites correspondientes a la modificación de ordenanzas.*

ART. 42. VEHICULOS AUTORIZADOS. *Se consideran vehículos autorizados los que siendo propiedad de personas físicas o jurídicas se encuentran en alguno de los colectivos que a continuación se detallan y obtengan la correspondiente autorización municipal:*

- a. *Propietarios o arrendatarios de plaza de garaje autorizada sita dentro del ámbito espacial señalado y cuente con licencia de vado en vigor.*
- b. *Vehículos oficiales de entidades o instituciones públicas y los vehículos adscritos a los servicios públicos, cuando estén prestando servicio.*
- c. *Los establecimientos hoteleros del ámbito de aplicación de esta norma, con anterioridad al día de entrada de los clientes, pondrán en conocimiento las reservas y la placa de matrícula de los vehículos de los vehículos que van a acceder y la fecha de entrada y salida de los mismos, con el fin de facilitar el acceso de sus clientes con el único fin de carga y descarga.*
- d. *Excepcionalmente, podrán autorizarse otros supuestos por motivos de interés general o debido a su peculiaridad, previo informe favorable de la policía local. Dicha autorización podrá tener carácter temporal, determinándose, en su caso, la vigencia de la misma.*

ART. 43. VEHICULOS EXCLUIDOS. *No necesitará permiso municipal de acceso, pudiendo circular por las zonas delimitadas.*

- a. *Los vehículos que presten servicios de urgencias, los correspondientes a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, Servicio de Extinción de Incendios, Protección Civil, asistencia sanitaria, siempre que se encuentren en acto de servicio.*
- b. *Vehículos en los que se desplacen personas con minusvalías que afectan a su movilidad y estén en posesión de la correspondiente autorización especial que expida el organismo competente. Dicha autorización especial deberá encontrarse en el lugar visible del vehículo.*

ART. 44. ACREDITACION PARA LA CIRCULACION. *Todos los vehículos comprendidos en los supuestos del artículo 41 y 43.b de esta ordenanza habrán de estar autorizados para acceder a las zonas restringidas mediante Decreto de Alcaldía. Además de este Decreto y para permitir el paso al área de circulación restringida, se instalaran elementos de reconocimiento visual de las matrículas de los vehículos previamente autorizados en los accesos al casco histórico.*

ART. 44. SOLICITUD DE AUTORIZACION. *A la solicitud de la autorización habrá de acompañarse la siguiente documentación.*

- a. *Fotocopia del DNI del residente y titular del vehiculo.*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- b. Acreditación documental de la condición de propietario/arrendatario de la vivienda, mediante escritura pública, o contrato oficial.*
- c. Acreditación documental de la condición de propietarios/arrendatario de plaza de garaje en la zona, mediante escritura pública o contrato oficial respectivamente.*
- d. Permiso de circulación del vehículo referido a la misma dirección del titular.*

En caso de ser titular de la autorización especial establecida en el artículo 43.b quedará exento de la obligación de presentación de la documentación requerida en los puntos anteriores.

ART. 45. FACULTADES DE LA ADMINISTRACION. *La POLICIA LOCAL podrá comprobar de oficio el cumplimiento de los requisitos exigidos para el otorgamiento de la autorización municipal, pudiendo para ello requerir la presentación de la documentación que considere conveniente, así como en su caso proceder a la consulta de los ficheros municipales correspondientes.*

La autorización quedará sin efecto si se incumplen las condiciones a las que estuviese subordinada y deberá ser revocada cuando desaparezcan las circunstancias que motivaron su otorgamiento o sobreviniesen otras, que de haber existido a la sazón habrían justificado su denegación. En los casos mencionados el titular de la autorización no tendrá derecho a indemnización alguna.

Por parte de los Servicios municipales y/o Policía Local, podrá ser retirado o anulado, de manera cautelar, cualquier distintivo acreditativo que se ha utilizado por un vehículo distinto al permitido o tenga síntomas evidentes de haber sido manipulado.

ART. 46. RESPONSABILIDAD DEL BENEFICIARIO. *Las personas, propietarias de los vehículos a los que se les otorgue la autorización, serán responsables del mismo. En el caso de que se produzca un cambio en el domicilio o en el vehículo, será obligación de los mismos comunicar dichos cambios, otorgándose una nueva autorización siempre y cuando se cumplan las circunstancias establecidas en esta ordenanza.*

ART. 47. INFRACCIONES.

- 1. Se consideran infracciones leves.**
 - 1.1. No presentar título acreditativo a requerimiento de los servicios municipales de control y/o la Policía Local.*
 - 1.2. las infracciones a lo dispuesto en este capítulo que no se califique expresamente como graves o muy graves en los apartados siguientes.*
- 2. Se consideran infracciones graves.**
 - 2.1. no notificar al Ayuntamiento el cambio de domicilio o de vehículo.*
 - 2.2. utilizar título acreditativo para el vehículo no autorizado*
 - 2.3. la comisión de infracciones calificadas como leves por el presente capítulo si al cometer la acción u omisión ilícita su autor ya hubiera sido sancionado en los doce meses inmediatamente anteriores mediante resolución firme en vía administrativa por haber cometido una infracción de idéntica tipificación.*
- 3. Se consideran infracciones muy graves.**
 - 3.1. manipular los elementos identificativos del vehículo o la utilización fraudulenta de los mismos.*
 - 3.2. la comisión de infracciones calificadas como graves en el presente capítulo si al cometer la acción u omisión ilícita su autor ya hubiera sido sancionado en los doce meses inmediatamente anteriores mediante resolución firme en vía administrativa por haber cometido una infracción de idéntica tipificación.*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ART. 48. SANCIONES. *Las infracciones a este capítulo podran ser sancionadas de la siguiente forma.*

- 1. INFRACCIONES LEVES.** *Multa de hasta 91 euros*
- 2. INFRACCIONES GRAVES.** *Multa de 92 a 301 euros, pudiendo llevar aparejada la suspensión de la correspondiente autorización de hasta 3 meses.*
- 3. INFRACCIONES MUY GRAVES.** *Multa de 302 a 620 euros, pudiendo llevar aparejada la suspensión de la correspondiente autorización hasta 6 meses.*

TERCEIRO.- Someter a modificación do regulamento a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

CONTINUA.- Con motivo da incorporación dun novo capítulo na Ordenanza municipal de circulación do 2004, en breve funcionará un novo e moderno sistema de control de acceso de vehículos ó noso Casco histórico, para o cal débense regular as condicións de acceso restrinxido tanto para mellorar a seguridade cidadana como para protexer o patrimonio do noso Conxunto Histórico Artístico, potenciando o uso peatonal da zona antiga da nosa Vila. Este equipo de goberno sigue loitando por mellorar a calidade de vida do noso casco histórico co mantemento das rúas e retirada dos contenedores de lixo do Casco, e agora con esta última medida que ven avalada polos redactores do actual PEPCHAB; moitas grazas.

SR. LORES, PSOE.- Volvemos a reclamar que se retomen as formas; eu non sei que opinaría o grupo de goberno si un veciño de Baiona, ou un empresario, na súa parcela, legalmente adquirida e con tódalas condicións para construír unha vivenda ou un hotel, non fixeran caso nin de autoridades nin de veciños nin de nada e que ó final da construción pediran o permiso de primeira ocupación ou a licencia de actividade; unha cousa parecida está ocorrendo con isto, eu non sei que ocurriría si neste Pleno se rexeitara esta ordenanza, ¿qué pasaría con tódalas obras?; o normal, o coherente, sería que antes de empezar a facer obras, antes de traer o proxecto, que se debatira neste Pleno que é o que pretendíamos facer e despois aprobalo e regulalo; aquí primeiro fíxose o edificio, fixéronse tódalas cousas, e agora veñen pedindo autorización para facer unha cousa que xa está feita, iso chámase prepotencia; esa non é a forma de tratar a un Pleno, ós representantes dun pobo; creo que estas cousas habería que levalas doutro xeito. Parece que este equipo de goberno, e o Alcalde á cabeza, teñen esa facultade de, en algo que pode haber consenso, buscar sempre a discordia, buscar sempre a confrontación. Non o entendemos cando é un tema como o do Casco Vello, na que tódolos grupos políticos somos moi sensibles coa súa recuperación, coa súa conservación, e coa calidade de vida dos seus habitantes; eu creo que este sería un tema de máximo consenso si se levaran as cousas como debían levarse dende un principio; están os semáforos postos, están as obras feitas, están contratadas a non sei sabe quen, parece que houbo incluso un problema das empresas e polo tanto houbo retrasos, todo isto foi sucedendo durante 6 meses e agora veñen aquí a pedir autorización para regulalo, "iso antes, Don Paco", penso que estas formas son imprescindibles nun bo proceso democrático.

Pero aparte de todo isto, nós estamos totalmente a favor desa conservación, estamos a favor de que o tráfico no casco histórico se regule e se limite a aqueles espazos de exclusiva necesidade; o único con que tamén estamos a favor pero sí que hai algo que nós queríamos propor é que hai que garantir tamén a calidade de vida dos seus habitantes, polo tanto a mellor forma de conservar un Casco Histórico, a mellor forma de pór en valor eses espazos, é que sexan habitables e que os seus veciños teñan a posibilidade de ter as comodidades que se poidan permitir.

Nós estaríamos a favor desta Ordenanza si se incluíra o punto de que tódolos veciños tiveran acceso ás súas vivendas, non aparcar nin transitar, non entendemos que diferencia hai entre unha familia que ven a un hotel un día e ten todolo dereito a ir coas súas maletas a descargar ó hotel, en cambio



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

unha familia que viva no casco non teña ese dereito, creemos que é un agravio importante e que ós habitantes do casco histórico non se lle está a considerar esa liberdade.

Polo tanto nós pedimos que estes vehículos autorizados sexan de todos aqueles que teñan a vivenda no casco e poidan acceder; non aparcar, por suposto, que nós entendemos que o estacionamento no casco histórico ten que estar restrinxido totalmente, que non se permita ningún tipo de estacionamento nin temporal, pero si que tódolos veciños teñan acceso para unha emerxencia, para descargar uns paquetes, que poidan acceder a súa vivenda e automaticamente retirarse do casco; nós creemos que isto é imprescindible para a boa convivencia no casco. Si se ten en conta esta consideración en defensa dos veciños do casco histórico, nós votaríamos a favor. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixera recordar que no ano 2004, a partir do día 1 de xaneiro, fun o responsable da área de seguridade cidadana, e a primeira decisión que tomei nesa Concellalía foi a peatonalización do casco histórico de Baiona; e para poder regulalo e facer efectiva esta medida se presentou no Pleno do 4 de marzo unha Ordenanza de tráfico que quedou encima da mesa cos votos do PP, CMÑ e VIB; aquela ordenanza que afectaba directamente ó casco histórico había sido consensuada e moi debatida con tódolos colectivos que estaban implicados, empresarios, veciños, e había sido consensuada e tratada; non obstante, dende o BNG creemos que non se debe circular polo casco, debe facerse o mínimo posible, non se debe estacionar no casco e nós conseguimos que non se estacionara no casco, e agora mesmo a crítica que tengo que facerlle ó equipo de goberno, xa na anterior legislatura, é que a plaza do Concello sempre está ocupada por algún vehículo, sexa da Policía Local, sexa de Vías e Obras, ou por algún vehículo dun concelleiro, ou concelleira, e tamén incluso de veciños que veñen a facer xestións ó Concello; creemos que isto non é de recibo e que con ese sistema probablemente, alomenos os que non estén autorizados, xa non van a poder entrar, e nos parece moi ben. Nos parece ben porque debemos protexer o casco de todas estas agresións. Tamén nos parece ben, me comentaba o Alcalde o outro día, de que a carga e descarga para dentro do casco se faga a través da rúa Elduayen, pero para iso Sr.Alcalde, a rúa Elduayen ten que estar para carga e descarga e non para aparcar vehículos particulares tódolos días a calquer hora do día; e de vez en cando si aparece a Policía e sanciona para evitar este atropello pero na maioría dos días o 90% dos vehículos son de particulares que se pasan toda a mañán aparcados na rúa Elduayen; iso é unha evidencia, si vamos agora mesmo alí podemos comprobalo. Polo tanto nós estamos dacordo en que se regule; a medida que habíamos adoptado cando eu era o responsable era unha medida permisiva, permisiva porque todo o mundo tiña acceso ao Concello cando tiña a súa chave, e para ter a súa chave de acceso, ou o seu mando a distancia, tiña que demostrar uns requisitos que eran vivir no casco histórico, e esta é unha medida restrictiva; e podíamos estar incluso dacordo en que fora unha medida restrictiva, e tal e como o plantexan, pero o que nós vemos nesta Moción Sr.Alcalde, é que non foi suficientemente consensuada cos veciños e cos colectivos afectados, e lle explico: eu estiven enterandome desta historia e me dicen de que os hoteis, por exemplo, si teñen acceso os seus clientes cos seus maletas, a descargalas, pero sempre e cando existira unha reserva; senón existe reserva evidentemente teñen que chamar á Policía Local, localizala, cuestión fácil, pero evidentemente si a Policía nese momento se atopa, vamos a pór por exemplo, na Granxa, terán que esperar a que cheguen a Baiona para que os clientes dese hotel podan entrar co seu coche, é dicir, para mín hai unha especie de laguna que non cuadra.

Por outro lado, calquer veciño de Baiona que veña dunha superficie comercial coas súas bolsas, 10 ou 15 bolsas, situación que pódese dar perfectamente, non poderá acceder a súa vivenda a facer esa descarga; e eu me pregunto porque motivo ten máis dereito un cliente dun hotel a un veciño de Baiona, non entendo esa situación.

Penso que estas cuestións se deberan de resolver, e se deben resolver falando coas partes afectadas, e si decidimos todos que no Concello non entran nin os clientes do hotel nin os veciños a deixar as súas bolsas, pois non entran; pero creo que se debe debatir e consensuar, creo que é o mínimo que se debía facer.

Polo demais, nós si esas circunstancias se dan, apoiaremos a proposta; senón vamos a abstermos porque non temos as garantías suficientes. Non vamos a facer o “non porque non” como fixeron



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

vostedes no Pleno do 15 de xuño de 2004 e no Pleno do 4 de marzo do 2004, porque incluso lle recordo as súas palabras de que iamos a pór un sistema de cobro de hora, non sei donde, e non houbo nunca nada de iso; o que si houbo foi un sistema de aparcamento rotativo na plaza de Abastos de Sabarís, que aínda a día de hoxe sigue funcionando porque deixaron alí o cartel; alí aparcaba todo o mundo dende as 6 da mañán ata as 3 da tarde, e agora a xente aparca 1 ou 2 horas como especifica o cartel; é dicir, non fixemos ningunha cousa das que vostede comentaba nas actas daqueles Plenos. Polo tanto a nós nos parece ben que se adopte unha medida restrictiva para o casco, que se protexa o casco no seu máis alto nivel, pero que se fale coa xente e se chegue, a poder ser, ao mellor non é posible, pero a poder ser, que se chegue a un consenso. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Aquí se dixeron moitas cousas, moitas inexactitudes; a veces, cada un intervén en último lugar, aproveita para darlle unha réplica contundente ós compañeiros da oposición, sobre todo cando intentan manipular unha Ordenanza que se presenta aquí dunha maneira clara e diáfana.

Evidentemente esta medida obedece a un conxunto xeral de medidas que é o Plan de recuperación do Conxunto Histórico de Baiona, este plan contempla moitos apartados e é produto dun traballo de moitos anos que abarca moitos campos; todo este tema da restricción do acceso dos vehículos ó casco ten unha historia, na nosa época empezamos a restrinxir os vehículos ó casco durante o verán, logo se foron acotando plazas como era a de aquí, Lorenzo de la Carrera, para facilitar a colocación de terrazas e darlle vida ó casco, tivemos batallas moi difíciles contra determinado chiringuito que pretendía facer do casco de Baiona una discoteca permanente e para loitar contra iso tivemos que tomar medidas drásticas e duras, e dentro delas estaba a restricción do acceso ó casco. Esta situación, repito, pasou por moitas etapas, se adoptaron moitas medidas, entre elas a que decía o Sr.Fernández, de dar chaves ós propios veciños, que foi un fracaso total e absoluto porque ó final aquí todo o mundo tiña copia das chaves, todos; había xente que incluso viña a traficar con droga ó casco e entraban con chaves propios, isto existe nos informes da Policía Municipal; foi un fracaso estrepitoso o sistema do Sr.Fernández, ata o punto de que tivemos que tomar serias medidas para acabar con ese sistema que non deu resultado.

E agora se vai a establecer un sistema de acceso, que é un plan modelo polo control que as novas tecnoloxías nos permiten, que é un control a través incluso das placas de matrícula, e é un sistema moi novedoso en toda España, e que loxicamente é un sistema bastante complicado porque houbo que facer un concurso público, cunha adxudicación a unha empresa, houbo que instalalo con estas novas tecnoloxías, houbo que facer xestión con veciños para colocar as diferentes cámaras en distintos puntos, e é un proceso complexo, que entre outras cousas obedece a este Plan de recuperación do Casco vello de Baiona; e eu discrepo con vostedes en que non se fixo un consenso cos veciños, aquí tódalas medidas, incluída a da recollida de lixo, que se levou ás zonas perimetrais e foi unha gran medida para recuperar o saneamento do propio casco (todos sabemos o desastre que era o depósito das bolsas de lixo en tódalas rúas) e agora todo o mundo vai ás zonas perimetrais e todos acataron esa medida e ninguén se atreve a discutir esa medida que foi un gran acierto; e nós fumos permanentemente resolvindo o problema do casco, ahí están as reformas das rúas O Rosal, A Garda, o Mariñeiro, Hermino Ramos, Lorenzo de la Carrera, realidades que están ahí que melloran cuantitativamente o tema do casco; ahí está a construción dos aparcadoiros soterrados, que é outro aspecto moi importante, Baiona ten un casco que nos permite plasmar medidas de control porque temos tanto o aparcadoiro da Palma, moi cerca do casco, como o do Aral que tamén fai que non haia ningunha xustificación para entrar cun coche no casco excepto casos moi excepcionais como pode ser tema de hoteis, como pode ser tema daqueles que teñen unha plaza de garaxe, e teño que decirlle ó Sr.Lores que non é certo o que decía senón que o artigo 42 de Vehículos autorizados, no aptdo..d) o di moi claro: "excepcionalmente, podrán autorizarse otros supuestos por motivos de interés general o debido a su peculiaridad, previo informe favorable de la policía local. Dicha autorización podrá tener carácter temporal, determinándose, en su caso, la vigencia de la misma"; con este punto nos permite ser flexibles con calquer veciño que quera acudir ó casco para calquer emerxencia, acudir, pero está controlado. Está reflexionado e está regulado; polo tanto creo que non hai motivo de alarma para dicir que ningún veciño pode acceder ó casco.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Entendemos que todo isto é positivo e estamos abertos a un posible convenio que está moi avanzado, e llo podo decir, para que se poida utilizar o aparcadoiro soterrado do Aral cuns prezos especiais para os veciños do casco, xa temos a relación de todos aqueles vehículos que hai no casco. Despois de todo isto que acabamos de plantexar aquí dende o goberno municipal, quero decirlles que nunca, nunca, o casco de Baiona estivo tan protexido como dende que nós asumimos responsabilidades de goberno históricas xa con relación ó tema do casco, había que ver o que era o casco de Baiona antes e o que é agora, e as obras importantes que hai no casco; polo tanto entendemos que este plan, dentro do que é o Plan de recuperación do Conxunto Histórico de Baiona, este plan de tráfico, pode resultar exitoso, e é unha medida de goberno consensuada cos veciños e vostedes incluso nas propias Comisións Informativas tiveron sempre unha información clara de este tema e que eu sepa, alternativas aquí presentadas pola oposición, ningunha; aquí non se presentou ningunha alternativa novedosa ó Plan do casco; ¿qué pasa?, que nós coñecemos a realidade e sabemos que esta é unha medida necesaria, e sabemos que hai veciños, que non son moitos, se poden contar dos dedos dunha man, que cometen infracción tras infracción dentro do casco, e consideran que o casco é unha parcela persoal deles, e con esa xente non podemos facer nada excepto que teñamos unha ordenanza que regule este tema; eu lles podo pór un exemplo que recentemente na rúa A Garda, recentemente asfaltada e colocada de pedra, hai veciños que poñen alí os coches, e ¿cal é a solución para levarle o coche?, que exista unha Ordenanza, e por iso se trae hoxe isto aquí. Entendemos que esta Ordenanza debiera contar co apoio de tódolos grupos políticos polo reflexionada e meditada que está, e pola mellora que vai a supor para o casco histórico de Baiona, e esperemos que as novas tecnoloxías podan servir tamén para controlar o casco, que, por certo, é un dos elementos turísticos máis importantes da nosa realidade, especialmente durante o verán, que concentra toda a vida turística de Baiona sobre todo en horas determinadas como pode ser a noitiña ou o atardecer, dándolle a Baiona un gran caché a nivel turístico, e de feito eu llos miro a todos vós paseando polo casco, especialmente ó Sr.Fernández que ven a Baiona a disfrutar a pesar de vivir en Sabarís, por algo será. Esperemos que tódala Corporación apoie este punto.

SR.RODAL, PP.- Despois da intervención do Sr.Vilar queda perfectamente contestada a pregunta do Sr.Lores.

SR.LORES, PSOE.- Sobre o aptdo.d) do que falou o Sr.Vilar, quero decir que ter o carácter de excepcional, vivir no casco, e ter que vir a solicitarllo, parece mais que unha lexislación, que é unha compra-venta de favores, polo tanto nós preferimos que se aclarara e quedara perfectamente regulado de que os veciños do casco tiveran acceso; por suposto que neste apartado d) nós entendíamos que ia a ocorrer eso, que un veciño ven aquí, fala co Sr.Alcalde ou coa Policía Local, e ó final vai a poder entrar no casco, pero iso creo que entra dentro dunha forma de lexislar un pouco anacrónica porque dá pé a ter que vir a pedirlo, é un favor que se vende, e iso vai por ahí; nós pretendemos que isto quede lexislado, que un veciño que viva no casco teña o acceso, non estacionar nin facer rallie, pero si poder coller a unha persoa maior ou a un neno un día que chova para ir ó médico ou para ir ó colexio; entendemos que iso debería permitirse, e vaise permitir, según o entendemos no punto d), pero preferíamos que estivera escrito para evitar a compra-venta de favores.

A mín sorpréndeme Sr.Vilar, cando di: “nunca estivo tan coidado o casco vello”; non sei cantos anos leva vostede aquí, incluso como Alcalde, ou sexa que estará botándose as culpas de que antes non o coidou, ¿qué está decindo?, non sei que di, ¿ata agora que fixo?, ¿desfacélo?, non o entendo, non sei que quer decir con iso, ¿durante todo este tempo de goberno do PP, e doutros, non se fixo nada? porque a única referencia que fai vostede é cando houbo un goberno progresista en Baiona, pero ¿qué pasa, que soamente se fixo algo nese ano e medio?. En canto ó tema do lixo prefería entrar noutro momento.

No artigo 44 entendemos que non se da a posibilidade de que simplemente alguén teña o seu garaxe no casco histórico sin ter vivenda, hai unha especie de contradicción no artigo 44, hai que acreditar a condición de propietario ou arrendatario dunha vivenda, e a condición de propietario ou



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

arrendatario dunha plaza de garaxe, ou sexa, que unha persoa que teña un baixo ou que teña un garaxe ¿non podería nunca acceder?; non si si é condición, ou non, ter vivenda, ter garaxe, ou como é, pero espero que sexa un tema que se solucionará sen problema.

Nós, en principio, si non se inclúe claramente que tódolos veciños podan ter un acceso libre ó casco, vamos a votar en contra desta Ordenanza.

SR. FERNANDEZ. BNG.- Sr.Vilar, o que dixó de que o das chaves foi un fracaso eu non estou dacordo en absoluto, evidentemente pudo haber narcotraficantes que entraran no casco, eu non digo que non, pero de todas formas si hai un informe da Policía de que iso era así é porque existía un control, e evidentemente que hai irresponsables que lle poideron dar copias de chaves e incluso copias de mandos, pero tamén estaba ahí a Policía para controlar e resolver este tema; tamén aquí se pode dar o caso dunha matrícula falsa, pouco máis vale unha matrícula falsa que unha chave; ou sexa, que teremos que buscar outra solución para cortarlle as alas ós narcotraficantes, pero esta non vai ser; digo isto porque evidentemente sempre se busca escapar deste tipo de controles e sempre se vai seguir facendo, por iso non considero que haia sido un fracaso ó das chaves, era a única alternativa que tiñamos naquel momento co orzamento que tiñamos, non tiñamos máis, non tiñamos diñeiro e tivemos que facer eso; si tiveramos os 120.000 euros que costa isto pois ó mellor o houberamos feito, eu non digo que esté mal; dende logo para nós, o diñeiro invertido para en protexer o casco, nos parece correcto.

Dixo tamén que colocaron cámaras en colaboración cos veciños; eu recordo cando coloquei unha cámara no acceso na barreira do Pinzón, de Carabela Pinta á plaza do Padre Fernando, o lio que se armou neste pobo porque iamos a controlar ós veciños, e era o PP quen abanderaba aquela historia; recordo perfectamente que as vallas desa entrada se rompían sistematicamente tódolos fins de semana, o que nos valía un montón de diñeiro, e que colocamos a cámara e automaticamente deixou de romperse, ou sexa, a cámara xa compensou colocála nas dúas primeiras semanas. E me imaxino que as que se colocaron agora, ou se van a colocar, serán para o control do acceso, non para controlar ós veciños nin para especular nun debate político.

Vostede enumerou unha serie de reformas que se fixeron no casco vello, reformas nas que lle quedou atrás Fonte de Ceta, será polos 60.000 euros de multa que lle meteu a Xunta e non quere recordarllo. Estas reformas nos parece ben que se fagan pero con moitas delas non estamos dacordo porque había perpiaños no chan, no solo do casco, e agora hai pedras de 5 centímetros de grosor encima dunha placa de formigón, non nos parece correcto aínda que a Consellería de Cultura daquela lle consentía (agora xa non, pero daquela si), porque as pedras antigas cos seus cantos redondos son as que fan parte do encanto do casco histórico, e eu penso que neste punto deberíamos estar todos dacordo: non nos gustan as losetas, aínda que sexan de pedra, cos cantos vivos, montadas, de 5 cmts, encima do formigón; esta cuestión si a levei á Consellería de Cultura e si xa se tomaron medidas porque o proxecto que se está facendo diante do Concello, en Lorenzo de la Carrera, inicialmente ía ir así e posteriormente se reformou, e nos parece ben.

Os accesos ós garaxes, na liña que vostede falaba de que se está tratando co parking unha posible bonificación ou rebaixa, nos parece correctísima, esa é a liña que hai que seguir, eu creo que non se debera de dar nin unha soa autorización para un parking máis, para unha plaza de garaxe máis dentro do casco, e se debera potenciar que tódolos veciños que teñen plaza de garaxe dentro do casco foran a alternativa do parking soterrado, e ahí si que o Concello ten que mollarse; porque ademais uns veciños estarían en agravio comparativo co resto das vivendas de todo o Concello.

Outra cuestión que creemos importante é a da colocación de bolardos dentro do casco, bolardos que en moitísimas ocasións supoñen tropezos sobre todo para persoas maiores, bolardos que formaban parte dun mobiliario urbán para protexer o acceso de vehículos a esas zonas e creemos que agora deberan estar de máis, polo tanto deberan de retirarse; falo da Plaza de Padre Fernando, da plaza do Concello, que non teñen sentido ningún porque evidentemente senón vai haber vehículos están de máis, e serían un obstáculo menos para os invidentes, para as persoas maiores, e incluso de tódalas idades porque calquera podemos ir despistados e tropezar con eles, seguramente dos que estamos aquí algún tropezamos algún día cun bolardo, polo tanto deberan de retirarse.

Para rematar, non me extrana que o Sr.Rodal teña esa capacidade para contestar que xa o fixo o Sr.Vilar porque son do mesmo partido, son do mesmo grupo, e polo tanto con que fale ún xa é suficiente. Decirlle Sr.Vilar, que eu evidentemente veño a pasear ó casco como calquer veciño, pero ademais, con tódolo dereito do mundo, porque o diñeiro das parroquias invirtiuse no casco, entón temos un dereito tremendo a pasear por encima das pedras do casco os veciños do Caeiro, da Granxa, de Belesar, porque os saneamentos que tiñan que haberse feito co diñeiro dos plans provinciais nas parroquias fixéronse no casco porque vostede xa se encargou de iso durante 12 anos, por iso cando andamos polo casco paseando nos sentimos como na nosa propia casa. Moitas gracias.

SR.VILAR, CMÑ.- Agradezco a intervención do Sr.Fernández porque xa lle deixou claro ó Sr.Lores que nós, ó longo destes anos, fixemos saneamentos no casco, preparamos as rúas, etc., ou sexa, que creo que xa lle acaba de aclarar o moito que fixemos nós aquí no casco, porque Sr.Lores, vostede, aínda que non é de Baiona, eu llo considero un baionés máis porque ademais vostede ten o gran mérito que as veces ún non é de donde nace, senón de donde paxa, vostede elixiu libremente vivir aquí, e iso para mín ten un gran mérito, máis mérito incluso que os que somos de aquí.

Pero quero decirlle que ó longo destes anos, e cando eu asumín a Alcaldía por primeira vez, nos atopamos con que no casco existían tuberías de fibrocemento que se rompían cada dous por tres, que a rúa Elduayen, a rúa Alférez Barreiro, eran de cemento, non sei si se acordan, cunhas liñas marcadas imitando azulexos, e estas rúas, máis Ramón y Cajal, e outras, se foron reformando, cambiando o saneamento, colocando o cinturón de presión de auga (que as veces non chegaba a auga a Baiona), fóronse colocándose de pedra rúas que antes non tiñan pedra, e se recuperou o casco coa mellor vontade, e foi un traballo planificado, non sei se fai unha obra da envergadura que pode ter o parking soterrado dos Tendais sen un traballo ben planificado, é unha labor de anos, de sacar un concurso, etc., e o mesmo lle digo sobre o casco vello de Baiona: non se pode xuzgar unha labor dun ano soamente, nin de unha lexislatura, senón que é un traballo planificado de moitos anos, e esa liña é a que agora se están mirando os resultados, é un traballo de todos.

Unha das virtudes que ten que ter un casco, e posiblemente ahí non compartan a visión de Patrimonio, é que un casco ten que ser paseable, onde as mulleres que usan zapatos de tacón poidan pasear tranquilamente, e non co sistema que pretende o Sr.Fernández que suporía andar con zuecos, teríamos que usar zamancas para pasear; Baiona ter que converter o casco vello en algo paseable. Sr.Fernández, vostede ten que preguntarse ¿que hai no casco que non o fixera Manuel Vilar?, si practicamente fixemos todo, e vostede o sabe, calquer rúa que vostede pasee no casco sabe que a fixemos nós; polo tanto, continúe decindo que foi co diñeiro das parroquias.

En relación á multa que nos meteron na rúa Porta da Vila, iso é lamentable, é vergonzoso, e esa é unha multa política; eso é un expediente político que se lle abriu ó Concello de Baiona por seguir coa súa reforma do casco; e foi porque nós estabamos rematando xa o final, onde é o cruce Hermino Ramos-Porta da Vila, e nos viu unha inspección teledirixida, enviada por alguén, co obxecto de desprestixiar unha obra que se estaba facendo no Concello de Baiona; é certo que nós posiblemente naquel momento non tiñamos os proxectos tal e como van agora, senón que se seguiu un proxecto xeral de recuperación do casco, que estaba aprobado cando se aprobou o Plan de Excelencia Turística, que conlevaba unha inversión importante dentro da reforma das rúas do casco; e como en política ún non está con poder durante toda a vida, cando nós deixamos a Alcaldía, os que asumiron as responsabilidades de goberno paralizaron as obras de remate da rúa Porta de Vila, e vostede é moi responsable de iso porque vostede non quixo rematar esa obra, e cando nós asumimos de novo a Concellalía de Vías e Obras nos plantexamos continuar con ese plan de remate da rúa cun proxecto que xa existía, e fixémoslo, do xeito máis natural, a proba está que Porta de Vila agora está moito mellor, se fixo o saneamento, se puxo pedra, non se fixo ningunha barbaridade. Vostede compare a rúa de Herrminio Ramos, que xa se fixo coa autorización de Patrimonio, con proxecto, recentemente, coa outra que se fixo cun plan e tamén tiña autorización, pero que correspondía ó plan de excelencia turística, que era un proxecto global, ¿qué diferenza hai?, ¿qué infracción se cometeu para que ó Concello lle meteran esa multa tan bárbara, tan irracional?, ó contrario: nos



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

tiñan que premiar, nos tiñan que subvencionar por facer a obra, iso é así Sr.Fernández; o que pasa é que esa é unha multa política, que está recurrida, e que esperemos que ó fin e ó cabo os Tribunais de Xustiza nos den a nós a razón, e logo o que fixo vostede saíndo na prensa a denunciar ó Concello de Baiona, vostede non é patriota, vostede non quere a Baiona, vostede quere que a Baiona a multen, iso é o que fixo vostede. E logo, cando presentamos os proxectos de tódalas rúas do Mariñeiro, O Rosal, Lorenzo de la Carrera, seguindo o mesmo plan de traballo, nos a aproban; por favor, Sr.Fernández; hai que aplicar o sentido común; nós estamos aquí para facer obras que melloren as condicións dos veciños, non para que nos multen; eu vexo ben que multen a un Concello si dá unha licenza ilegal, si fai unha obra de aumento de volume cando non se pode, ¿pero por arranxar unhas rúas?, por favor, Sr.Fernández, ¿e que vostede saia na prensa, incluso burlándose do Concello de Baiona, cando foi unha responsabilidade en parte sua por non rematala en tempo e forma?. De todas formas nós vamos a seguir co noso plan de traballo, vamos a seguir reformando e rematando as rúas que aínda quedan sen rematar como pode ser o camiño de Entrehortas, e moitas outras, como a plaza de Santa Liberata, que xa se empezou en colaboración coa Escola de Oficios; e vamos a seguir así. Unha multa desas características non ten sentido, ¿somos nós uns delincuentes cando estamos defendendo o patrimonio municipal?, e vostede ¿é un portavoz responsable cando sae na prensa facendo declaracións dese tipo?, por favor, a cousa é moito máis seria, e eu non tiña intención de falar de isto no Pleno, o fago porque vostede llo sacou, pero nada máis, nós estamos totalmente a favor deste punto.

SR.LORES, PSOE.- Sr.Vilar, preocúpame a alusión que fixo a quen é de aquí e a quen deixa de ser de aquí; nos sei si vostede é quen da as autorizacións, recórdame ó da pura raza aría, con estas cousas hai que andar con coidado; eu son de aquí, teño a miña familia aquí, teño ás miñas fillas aquí, e ese tipo de historias recórdame outros tempos, que é de aquí, que non é de aquí, quen é rubio, quen é moreno. Eu son de aquí, legalmente, levo moitos anos empadroadado aquí, 20 anos ou 22.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A multa non foi teledirixida, eu me enterei da multa por un Decreto que me presentou o Alcalde e a partir de ahí empezo a investigar, evidentemente; aquí hai unhas responsabilidades políticas; eu teño que decirlle unha cousa: hai arquitectos, e inxenieros, de todo tipo de persoal, funcionario, non político, que viven en Baiona e que pasan polo casco de Baiona tódolos días; eu non sei si lle queda clara a historia, en todo caso decirlle que os políticos responsables da Xunta, que neste caso son compañeiros do meu partido, resulta que, a petición dos técnicos de Pontevedra, creo que non sei si eran de 120.000 euros, e os políticos que según vostedes, teledirixían, rebaixáronlla a 60.000, porque o Alcalde recoñeceu nun escrito que se había feito a obra sen autorización de Patrimonio, é dicir, vostede non cumpriu o establecido pola Lei, por iso lle meteron a multa de 60.000 euros, non por outra historia; foi porque non tiña autorización, meteu a pata e ten que asumilo.

Eu non estaba disposto a seguir empregando o diñeiro das parroquias no casco de Baiona; no casco hai que empregar o diñeiro que é para o casco, e nas Parroquias, o das parroquias.

Para rematar decirlle que en Allariz as veciñas andan con tacóns, e en Allariz están as mesmas pedras de cando as puxeron, as mesmas, e as veciñas non están cos pés escochados; eu non me imaxino ás concelleiras do PP deste Concello con mantilla española, e con zamancas; nada máis.

SR.ALCALDE.- En Allariz debe quedar pouca xente vivindo porque a maior parte está en Santiago, non sei si o sabe.

Sobre o tema da multa, por alusións, o que o Alcalde pudo leer no expediente que reclamamos á Xunta, e que hai un informe (do que temos copia aquí no Concello, e que un día faremos público porque é lamentable), é que un Xefe de servicio e outro funcionario firman decindo que esa obra era legalizable e que por tanto había que archivar o expediente sancionador, coa presentación dun proxecto; así foi, se deixou así, e 6 meses despois, sen saber porqué porque a rúa estaba exactamente igual, non se moveu, exactamente igual que cando o Xefe de servicio e a funcionaria



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

firmaron ese informe, se abriu de novo ese expediente. E podo decirlle máis: o Concello de Moaña foi multado con 12.000 euros por dar 4 licenzas de chalets nunha zona protexida, e foi multado con 12.000 euros que non chegou nin a pagar, ¿dacordo?, entón evidentemente aquí hai diferencias.

Está claro que aquí houbo algo máis; e é unha pena, porque como antes decía o Sr.Vilar, do que se trata é de mellorar as condicións de toda Baiona, das parroquias e do casco, e de facelo dacordo coas Administracións; pero tamén teño que decirlle que para que os 6 proxectos que afectan a Patrimonio, de rúas que agora se están levando a cabo, tivemos que ir a unha reunión co Director Xeral en Santiago, o concelleiro de Vías e Obras, os técnicos municipais e eu mesmo, para tratar de desbloquealos despois de 6 meses de estar os proxectos entre Pontevedra e Santiago, entre Santiago e Pontevedra; polo tanto, cando hai unha obra como foi esta dunha rotura do saneamento no casco (podía ser nunha parroquia, pero foi no casco) que había que acelerar, evidentemente moitas veces non podemos chegar ó que pensan outros a nivel burocrático, lentos, lentos, lentos, porque a xente vive e necesita ir ó cuarto de baño tódolos días, entón o Concello moitas veces ten que axilizar as obras da mellor maneira posible e sen facer ningunha barbaridade, iso por suposto.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1 CMÑ), fronte a 6 votos en contra, PSOE, producíndose 2 abstencións, BNG.

E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Modificar a ordenanza municipal de circulación, introducindo un novo capítulo”

Capítulo V: Del control de Acceso a areas de circulación restringida en el Ayuntamiento de Baiona

Sección I. Del control de acceso al conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Baiona

ART. 40. OBJETO. *El control del acceso al conjunto histórico-artístico del Ayuntamiento de Baiona en la que las especiales exigencias de calidad ambiental, garantía de prestación de los servicios públicos, seguridad ciudadana y protección del patrimonio requieren. La velocidad máxima para la circulación por toda este área restringida será de 10 Km./h, prohibiéndose igualmente el estacionamiento en todo la zona.*

ART. 41. AMBITO DE APLICACIÓN. *Este capítulo será de aplicación en la zona comprendida por las siguientes calles del Casco Histórico de Baiona: Plaza del Padre Fernando, Calle Ventura Misa, Calle Fuente de Ceta, Calle Conde, Calle La Guardia, Calle Lorenzo de la Carrera, Calle San Lorenzo, Calle San Juan, Calle Laje, Calle Iglesia, Calle Manuel Valverde, Calle Do Reloxo, Calle Xogo da Bola, Calle San Juan y Calle Diego Carmona. La zona contara con la oportuna señalización y elementos móviles que impidan la entrada y la circulación de vehículos en la zona afectada. Esta relación así como el horario establecido podrán ser modificados mediante Decreto de la Alcaldía, previo el correspondiente informe de los Servicios Técnicos, dando cuenta del mismo para su conocimiento al Excmo. Ayuntamiento Pleno, sin necesidad de sujetarse a los trámites correspondientes a la modificación de ordenanzas.*

ART. 42. VEHICULOS AUTORIZADOS. *Se consideran vehículos autorizados los que siendo propiedad de personas físicas o jurídicas se encuentran en alguno de los colectivos que a continuación se detallan y obtengan la correspondiente autorización municipal:*



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- e. *Propietarios o arrendatarios de plaza de garaje autorizada sita dentro del ámbito espacial señalado y cuente con licencia de vado en vigor.*
- f. *Vehículos oficiales de entidades o instituciones públicas y los vehículos adscritos a los servicios públicos, cuando estén prestando servicio.*
- g. *Los establecimientos hoteleros del ámbito de aplicación de esta norma, con anterioridad al día de entrada de los clientes, pondrán en conocimiento las reservas y la placa de matricula de los vehículos de los vehículos que van a acceder y la fecha de entrada y salida de los mismos, con el fin de facilitar el acceso de sus clientes con el único fin de carga y descarga.*
- h. *Excepcionalmente, podrán autorizarse otros supuestos por motivos de interés general o debido a su peculiaridad, previo informe favorable de la policía local. Dicha autorización podrá tener carácter temporal, determinándose, en su caso, la vigencia de la misma.*

ART. 43. VEHICULOS EXCLUIDOS. *No necesitará permiso municipal de acceso, pudiendo circular por las zonas delimitadas.*

- c. *Los vehículos que presten servicios de urgencias, los correspondientes a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, Servicio de Extinción de Incendios, Protección Civil, asistencia sanitaria, siempre que se encuentren en acto de servicio.*
- d. *Vehículos en los que se desplacen personas con minusvalías que afectan a su movilidad y estén en posesión de la correspondiente autorización especial que expida el organismo competente. Dicha autorización especial deberá encontrarse en el lugar visible del vehículo.*

ART. 44. ACREDITACION PARA LA CIRCULACION. *Todos los vehículos comprendidos en los supuestos del artículo 41 y 43.b de esta ordenanza habrán de estar autorizados para acceder a las zonas restringidas mediante Decreto de Alcaldía. Además de este Decreto y para permitir el paso al área de circulación restringida, se instalaran elementos de reconocimiento visual de las matriculas de los vehículos previamente autorizados en los accesos al casco histórico.*

ART. 44. SOLICITUD DE AUTORIZACION. *A la solicitud de la autorización habrá de acompañarse la siguiente documentación.*

- e. *Fotocopia del DNI del residente y titular del vehiculo.*
- f. *Acreditación documental de la condición de propietario/arrendatario de la vivienda, mediante escritura publica, o contrato oficial.*
- g. *Acreditación documental de la condición de propietarios/arrendatario de plaza de garaje en la zona, mediante escritura publica o contrato oficial respectivamente.*
- h. *Permiso de circulación del vehiculo referido a la misma dirección del titular.*

En caso de ser titular de la autorización especial establecida en el artículo 43.b quedará exento de la obligación de presentación de la documentación requerida en los puntos anteriores.

ART. 45. FACULTADES DE LA ADMINISTRACION. *La POLICIA LOCAL podrá comprobar de oficio el cumplimiento de los requisitos exigidos para el otorgamiento de la autorización municipal, pudiendo para ello requerir la presentación de la documentación que considere conveniente, así como en su caso proceder a la consulta de los ficheros municipales correspondientes.*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

La autorización quedará sin efecto si se incumplen las condiciones a las que estuviese subordinada y deberá ser revocada cuando desaparezcan las circunstancias que motivaron su otorgamiento o sobreviniesen otras, que de haber existido a la sazón habrían justificado su denegación. En los casos mencionados el titular de la autorización no tendrá derecho a indemnización alguna.

Por parte de los Servicios municipales y/o Policía Local, podrá ser retirado o anulado, de manera cautelar, cualquier distintivo acreditativo que se ha utilizado por un vehículo distinto al permitido o tenga síntomas evidentes de haber sido manipulado.

ART. 46. RESPONSABILIDAD DEL BENEFICIARIO. *Las personas, propietarias de los vehículos a los que se les otorgue la autorización, serán responsables del mismo. En el caso de que se produzca un cambio en el domicilio o en el vehículo, será obligación de los mismos comunicar dichos cambios, otorgándose una nueva autorización siempre y cuando se cumplan las circunstancias establecidas en esta ordenanza.*

ART. 47. INFRACCIONES.

4. Se consideran infracciones leves.

4.1. No presentar título acreditativo a requerimiento de los servicios municipales de control y/o la Policía Local.

4.2. las infracciones a lo dispuesto en este capítulo que no se califique expresamente como graves o muy graves en los apartados siguientes.

5. Se consideran infracciones graves.

5.1. no notificar al Ayuntamiento el cambio de domicilio o de vehículo.

5.2. utilizar título acreditativo para el vehículo no autorizado

5.3. la comisión de infracciones calificadas como leves por el presente capítulo si al cometer la acción u omisión ilícita su autor ya hubiera sido sancionado en los doce meses inmediatamente anteriores mediante resolución firme en vía administrativa por haber cometido una infracción de idéntica tipificación.

6. Se consideran infracciones muy graves.

6.1. manipular los elementos identificativos del vehículo o la utilización fraudulenta de los mismos.

6.2. la comisión de infracciones calificadas como graves en el presente capítulo si al cometer la acción u omisión ilícita su autor ya hubiera sido sancionado en los doce meses inmediatamente anteriores mediante resolución firme en vía administrativa por haber cometido una infracción de idéntica tipificación.

ART. 48. SANCIONES. *Las infracciones a este capítulo podrán ser sancionadas de la siguiente forma.*

4. INFRACCIONES LEVES. Multa de hasta 91 euros

5. INFRACCIONES GRAVES. Multa de 92 a 301 euros, pudiendo llevar aparejada la suspensión de la correspondiente autorización de hasta 3 meses.

6. INFRACCIONES MUY GRAVES. Multa de 302 a 620 euros, pudiendo llevar aparejada la suspensión de la correspondiente autorización hasta 6 meses.

SEGUNDO.- Someter a modificación do regulamento a exposición ó público polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

4.-MOCIONS.

O Sr. Alcalde da conta dunha Moción urxente asinada por tódolos grupos políticos.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a Urgencia da Moción resulta aprobada por unanimidade, procedendo a Concelleira de Educación, Sra.Marcote, PP, á lectura da mesma.

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BAIONA

Os portavoces dos grupos municipais do Concello de Baiona abaixo asonantes, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

MOCIÓN

Con data 19 de decembro a Asociación de Nais e Pais do Alumnado do IES Escolas Proval presentou nese centro a solicitude de implantantar para o vindeiro curso o ciclo medio "Xestión Administrativa" en réxime de adultos (horario nocturno), xa que consideran que é un ciclo formativo que os permitiría incorporar ao mercado laboral en mellaes condicións das que se atopan actualmente ou ascender no traballo no que xa están.

Este curso completaría os estudos de Educación Secundaria de Adultos que están a facer actualmente, estando enfocado al traballo.

A solicitude de estes estudos no IES Escolas Proval, ven acompañada de 800 sinaturas que recollen o clamor do Val Miñor pedindo este tipo de estudos nesta zona nun horario que permita compatibilizar traballo, familia e a aprendizaxe ao longo da vida.

O Concello de Baiona amosando o seu interese en todo ao relativo a aspectos tan importantes como é a educación e a formación e sobre todo cara a incorporación ao mercado laboral e a conciliación da vida familiar, mostra todo seu apoio a esta iniciativa para responder os intereses da cidadanía.

A vista de todas estas consideracións o Pleno do Concello de Baiona.

SOLICITAMOS:

1.- O apoio desta iniciativa ante a Dirección Xeral de FP da Consellería de Educación e Ordenación Educativa, para a implantación no vindeiro curso o ciclo medio "Xestión Administrativa" en réxime de adultos (horario nocturno), no IES Escolas Proval.

2.- A remisión deste Acordo a Dirección Xeral de FP da Consellería de Educación e Ordenación Educativa.

SR.LORES, PSOE.- Estamos totalmente a favor deste tipo de iniciativas que o que fan é que o mapa escolar do Val Miñor, da Comarca, cada vez este máis completo e se van diversificando as distintas alternativas educativas nos distintos Concellos. Parécenos ben e máis que sexa nas Escolas Pro Val onde xa está nestes intres centralizada a educación de adultos, que as saídas profesionais tamén se concentren ahí a nivel nocturno. Estamos totalmente a favor.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nos parece ben esta Moción e o que si creo é que debía trasladarse tamén ó Pleno da Mancomunidade para que os 3 Concellos a soliciten e así apoiar e reforzar esta proposta.

SR. VILAR, CMÑ.- A nós parécenos ben porque se completa un ciclo formativo da educación de adultos.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde sométese a votación a presente Moción, resultando aprobada por unanimidade.

E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:

- APOIAR esta iniciativa ante a Dirección Xeral de FP da Consellería de Educación e Ordenación Educativa, para a implantación no vindeiro curso o ciclo medio “Xestión Administrativa” en réxime de adultos (horario nocturno), no IES Escolas Proval.

- REMITIR este Acordo á Dirección Xeral de FP da Consellería de Educación e Ordenación Educativa.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

CONTESTACION A PREGUNTA FORMULADA POLO SR.LORES, PSOE, NO DERRADEIRO PLENO.

SR.LORES.- ¿Cantas solicitudes houbo no Casco Vello, de redución da taxa da recollida de lixo, cantas houbo, cantas se concederon, cantas se denegaron e cales foron as causas?.

SR.ALCALDE.- Houbo 13 solicitudes, se denegaron as 13 porque non cumprían o criterio de distancia que se marca na Ordenanza.

CONTESTACION AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO SR.FERNANDEZ, BNG, NO DERRADEIRO PLENO, REFERENTES O TEMA DA PRESA.

SR.ALCALDE.- Temos un último informe, de fai 2 ou 3 días, onde dí que actualmente hai embalsados 267.497 m³, que equivale ó 46%. E non chegamos os valores mínimos do ano 2006 e 2007, se está recuperando de forma importante diariamente, co cal entendemos que o risco desapareceu tal e como se están producindo os acontecementos.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Cando fixen a pregunta creo recordar que estaba no 40%.

SR.ALCALDE.- En torno ó 40, non había un informe tan preciso como éste, onde miden exactamente dando o 46%. A empresa concesionaria dí que non haberá problema porque cada día que pasa todo o que chove pasa ó embalse diariamente.

ROGO do PSOE.- SR.LORES: Rogaría ó goberno que se favorezca o reciclaxe en Baiona; aquí os contenedores que temos para depositar os distintos tipos de lixo están totalmente desorganizados, nun sitio están orgánicos, no outro están envases, a 200 metros está o do papel, o do vidro máis alá do Bahía, e realmente é moi complicado poder reciclar en Baiona, ós que o intentamos temos sempre o coche cheo de bolsas, de envases, de plástico, ou orgánicos. Procurar que en tódolos puntos de recollida de lixo haxa 3 ou 4 contenedores, este é o ROGO.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Con relación á recollida selectiva quero comentarlle ó Sr.Lores que nestes momentos se están producindo unha serie de modificacións na recollida por parte incluso da propia Xunta de Galicia, me refiro neste caso a SOGAMA, que se desvinculou das empresas que tiña un pouco subcontratadas, como era ECOVIDRO, etc., agora o Concello de Baiona ten que facer uns convenios directos con estas empresas, nalgúns casos ten que ser por concurso como é o caso da xestión do punto limpo, e incluso en breve se presentará un novo modelo de colectores para a recollida selectiva de vidro, manexando varias opcións que son as que presenta esta empresa, que incluso se vai a facilitar unha especie de contenedores individuais a cada establecemento para que cada ún os poida levar directamente, unha vez que estén cheos, ós colectores novos de vidro; en breve se vai a presentar aquí, manexamos dúas opcións de cales van a ser as que se van a recoller.

En canto á recollida de plástico, tetrabrik, etc., os colectores amarelos que antes dependían da Xunta, agora está en fase de concurso, e posiblemente antes do verán quede todo en funcionamento. O mesmo que hai un novo plan de recollida de lixo pois se ubicarán estes contenedores selectivos en determinados puntos tendo en conta este novo regulamento que nos ven emanado incluso da propia Xunta.

PREGUNTAS do BNG.-SRA.RODRIGUEZ:

- En primeiro lugar, dar as grazas por cambiar a data do Pleno.

1º.-¿Cambiaronse os paneis informativos turísticos que hai na entrada de Sabarís, na entrada de Baredo, onde está o erro de “Outeiro dos Lameiros”, que puña parroquia de Bahiña cando é na parroquia de Santa Cristina de Ramallosa?.

SR.ALCALDE.- Se vai a cambiar, todavía non deu tempo, pero o que pon a foto non quer decir que se refira so a Santa Cristina senón que se refire a petroglifos; se vai a variar esa denominación, non deu tempo todavía.

2º.- ¿Cando pensan facélo?.

SR.RODAL, PP.- Hoxe.

SR.ALCALDE.- A Comunidade de Montes de Santa Cristina enviounos un escrito que saiu publicado o día anterior a chegar ó Concello, pero de todas formas xa habiamos falado deste tema na reunión do Organismo autónomo de Turismo; vostede o comentou e lle dixemos que iamos a ver como o modificabamos para que non houbera problemas, que iso era un erro; o asunto é que temos petroglifos, grazias a Dios, en varias parroquias, e fundamentalmente os máis importantes están en Bahiña e Santa Cristina; pero iso xa se aclarou e quedamos en correxílo, evidentemente máis rápido non podemos andar.

3º.- ¿Porqué estivo paralizada a obra de Herminio Ramos cando faltaba un treito moi pequeno?.

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno.

4º.- ¿Cando ten previsto a Deputación asfaltar a rúa Benito Fariñas?.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Contestarei no próximo Pleno; unha parte ten que ser a Deputación, pero outra parte ten que ser Medio Ambiente, outra parte COPTOPV ou Medio Ambiente, por iso digo que contestarei próximamente.

5º.- O punto de información dáctil que está na rúa Elduayen ¿cando pensan pór operativos os idiomas ofertados, entre eles o galego?.

ROGO do BNG.-SRA.RODRIGUEZ:

- O ROGO era sobre a recollida selectiva, entón esperemos que o que acaba de decir Manolo Vilar sexa tamén para as parroquias, porque era referente ás Parroquias.

SRA.SECRETARIA.- Se omitió, por error, en el Orden del Día de este Pleno, la dación de conta de Decretos de Alcaldía, se dio hoy la relación; se trata de si lo incorporamos a este Pleno o lo pasamos al siguiente para que puedan revisarla por si tienen alguna pregunta u objección que hacer. Se deja para el siguiente Pleno.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.